

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SILLEDA, O DÍA 28 DE XULLO DO ANO 2016.

Membros que asisten:

Alcalde-presidente: Manuel Cuiña Fernández (grupo m. PSdeG-PSOE).

Ana Luisa González Costa (grupo m. PSdeG-PSOE)
Klaus Brey Montaña (grupo m. PSdeG-PSOE)
Jesús Taboada Lázara (grupo m. PSdeG-PSOE)
María del Pilar Peón Iglesias (grupo m. PSdeG-PSOE)
M^a José Fernández Rodríguez (grupo m. PSdeG-PSOE)
José Luis Espiño Espantoso (grupo m. PP)
Natalia Iglesias Méndez (grupo m. PP)
Ignacio Maril Pardo (grupo m. PP)
M^a del Carmen Folla González (grupo m. PP)
Matías Rodríguez da Torre (grupo m. Mixto)

Excusa súa asistencia:

Aida Castro Caramés (grupo m. PSdeG-PSOE)
José Antonio Ramos Dobarro (grupo m. PP)

Asiste a interventor acctal. do concello: Daniel Rodríguez Espiño.

Asiste a secretario acctal. do concello: David García Lareo (A súa asistencia a sesión do Pleno da Corporación, limitase unicamente a dar fe da celebración da citada sesión, sen entrar no estudo dos expediente, por non estar habilitado ao efecto).

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Silleda, sendo as **dez horas do xoves 28 de xullo de 2016** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde o 26-07-2016) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, o interventor acctal., e coa asistencia do secretario acctal. que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia ás dez horas, e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1º.-ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES. (Do 01-06-2016).

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 01 de xuño de 2016.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a acta do Pleno que se detalla:

- Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 01 de xuño de 2016.

2º.- COÑECEMENTO DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA DO GRUPO PSdeG-PSOE, AIDA CASTRO CARAMÉS.

O Alcalde da lectura ao escrito presentado o 08/07/2016 (r.e. núm. 2957) pola concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Aida Castro Caramés, no que comunica, por motivos laborais, a súa vontade de renunciar á acta de concelleira desta Corporación.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da dita renuncia, debendo remitirse a mesma, xunto coa certificación desta toma de coñecemento, á Xunta Electoral Central para que expida a credencial ó concelleiro da mesma lista que debe substituílo, Dº Manuel Iglesias Pérez.

3º.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS Nº 03/2016

Polo Alcalde explícase que este recoñecemento extraxudicial de créditos corresponde a aluguer de furgonetas do ano 2015. Que as facturas non foron presentadas no rexistro do concello, senón remitidas por e-mail ó entón concelleiro Luis Rodríguez Vázquez, pero que as mesmas están comprobadas e son conformes.

Visto o Informe do Interventor acctal., de data 20 de xullo de 2016.

Aberto o turno de intervencións, non se producen.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o recoñecemento extraxudicial de débedas que seguen:

D. Factura	Núm. Documento	Doc. Acreed.	Nome Terceiro	Concepto	C. Programa	C. Económica	Importe
29/05/15	A/5	B36476059	Rent a Car Ramses, S.L.	Aluguer furgoneta 10 m2 xuño	151	210	860,31
29/05/15	A/6	B36476059	Rent a Car Ramses, S.L.	Aluguer furgoneta 7 m2 xuño	151	210	716,93
29/05/15	A/7	B36476059	Rent a Car Ramses, S.L.	Aluguer furgoneta 10 m2 xullo	151	210	860,31
29/05/15	A/8	B36476059	Rent a Car Ramses, S.L.	Aluguer furgoneta 7 m2 xullo	151	210	716,93
02/09/15	A/9	B36476059	Rent a Car Ramses, S.L.	Aluguer furgoneta 7 m2 agosto	151	210	716,93
				TOTAIS.....			3.871,41

4º.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E CÁRITAS INTERPARROQUIAL SILLEDA.

Polo Alcalde pásase a dar lectura a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2016, que literalmente dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que o Concello de Silleda tén entre os seus obxectivos prioritarios a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social exercendo, así, as competencias atribuídas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85 de 2 de abril, pola que se aproban as Bases do Réxime Local e 80 e 86 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, co fin de propiciar lugares comunitarios e de encontro entre os veciños, asociacións e demais elementos integrantes da vida do municipio e facilitar a posta en marcha de programas e servizos de carácter cultural, social, informativo, formativo, educativo e lúdico que se organicen polas diferentes asociacións ou entidades.

Visto os artigos 70 bis e 71 da Lei 7/85 sinalan que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, lles facilitan a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da Corporación nos termos do número 2 do artigo 69, sen que en ningún caso podan menoscabar as facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos regulados pola Lei.

Visto o artigo 233 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais reconece o dereito a acceder ao uso de locais municipais por parte das Asociacións ou organizacións, co límite de uso en caso de coincidencia por parte doutras Asociacións ou polo propio Concello de Silleda, que ha de considerarse preferente.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Asinar entre o Concello de Silleda e Cáritas Interparroquial Silleda, a cesión en uso dun local, no baixo nº 8, dos locais propiedade do Concello sito na Rúa Campo de Arriba de Silleda, para cumprimento dos fins para os que está creada cunha duración dun ano dende a data da súa firma, que será prorrogado automaticamente ano a ano se un mes antes do vencemento ningunha das partes o denunciara e sempre que a organización viñera desempeñando os seus fins de forma legal e efectiva.”

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) dí que cáritas non é un servizo, é unha cuestión humanitaria. Que os obxetivos de cáritas tamén os cumpren outros colectivos/asociacións que tamén teñen solicitado locais. Cáritas fai o traballo que non fai a administración. Que os grupos políticos municipais tamén teñen solicitado locais, e que por lei teñen dereito a eles. A igrexa tén locais dabondo para meter o que queiran e casas rectorais caendo. Espera que este convenio non exima cobrar o IBI a igrexa.

Contesta o Alcalde diciendo que intentarase dispoñer de locais para os grupos políticos municipais, o antes posible, un para cada grupo. Que cáritas non suple a administración senón se complimentan. Que algunha xente prefiere acudir a cáritas e outra os servizos sociais do concello.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) dí que cáritas da unha vía mais práctica que a administración. Que a xente ten axuda eminente porque non hai tanta burocracia. Que a administración debería cumprir esa función.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, acorda asinar entre o Concello de Silleda e Cáritas Interparroquial Silleda, a cesión en uso dun local, no baixo nº 8, dos locais propiedade do Concello sito na Rúa Campo de Arriba de Silleda, para cumprimento dos fins para os que está creada cunha duración dun ano dende a data da súa firma, que será prorrogado automaticamente ano a ano se un mes antes do vencemento ningunha das partes o denunciara e sempre que a organización viñera desempeñando os seus fins de forma legal e efectiva.

5º.-APROBACIÓN DA REALIZACIÓN DUNHA CONSULTA POPULAR, REFERIDA O CAMBIO DE UBICACIÓN DA CASA COSISTORIAL.

Polo Alcalde pásase a dar lectura a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2016, que literalmente dí:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que de conformidade coa Lexislación Básica de Réximen Local, o Concello poderá someter a consulta dos/as cidadáns os asuntos de competencia municipal que teñan especial importancia para os intereses da poboación, excepto os relativos a Facenda Local, e sempre según a lexislación vixente.

Visto que o artigo 44 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Silleda (BOP nº 120 de data 24 de xuño de 2014) establece:

"O Alcalde, logo do acordo por maioría absoluta do pleno e coa autorización do Goberno do Estado, poderá someter a consulta popular aqueles asuntos de competencia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses dos veciños, con excepción dos relativos á facenda local."

Visto que o artigo 71 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local establece:

"Artículo 71

De conformidade con la legislación del Estado y de la Comunidad Autónoma, cuando ésta tenga competencia estatutariamente atribuida para ello, los Alcaldes, previo acuerdo por mayoría absoluta del Pleno y autorización del Gobierno de la Nación, podrán someter a consulta popular aquellos asuntos de la competencia propia municipal y de carácter local que sean de especial relevancia para los intereses de los vecinos, con excepción de los relativos a la Hacienda local."

Visto que o Concello de Silleda pretende levar a cabo a celebración dunha consulta popular, de especial relevancia para os intereses dos/as veciños/as, consistente, en concreto, ó traslado da actual Casa Consistorial (así como os servizos de urbanismo, policía local, servizos sociais, etc., que se atopan en dependencias externas) a actual Casa da Cultura, tratándose, en definitiva, na concentración dos servizos municipais dispersos en tres dependencias distintas, a unha única; a actual Casa da Cultura que pasará a ser sede do novo Consistorio.

Esta Alcaldía-Presidencia propón ó Pleno da Corporación adoptar o seguinte acordo:

1.- Aprobar a realización dunha consulta popular, de especial relevancia para os intereses dos/as veciños/as, referida ó traslado e cambio de ubicación dos actuais servizos municipais, para a denominada actualmente "Casa da Cultura" sita na rúa Progreso de Silleda,

2.- Dar traslado deste acordo ó Ministerio de Hacienda y Administraciones Publicas - D.G. de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autonomas y las Entidades Locales, para súa conformidade."

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo PP) dí que a postura do seu grupo non está en contra do referendun. Que está en contra porque cree que estase a levar con moita urxencia e porque non é o momento mais adecuado, que as actuais instalacións cumpren. As reunións que se fixeron coa poboación de Silleda non tiveron éxito. Nas reunións das parroquias, de unha a outra, houbo cambios no proxecto. Que preténdese facer un referendun cando aínda non hai nada definitdo en canto os custos. Pregunta con canta xente vaise contar para facer o mesmo e cal é o mínimo de participación para validalo; si se vai facer durante a semán, xa que a participación no sería a mesma que si se leva a cabo un domingo. Qué control van a ter os grupos políticos municipais. Si vaise respetar o resultado do referendun e se non se consegue un mínimo de participación vaise seguir coa idea.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) dí que non lle parece mal a consulta, que está ben que a cidadanía participe, pero non só nisto. Que deberíanse facer tamén para orzamentos participativos, avaliar o goberno e investimentos municipais. A proba de que a xente non acuda as reunións é que non lle interesa. En canto a participación, o goberno é responsable de que a xente acuda a votar. Pregunta con qué porcentaxe terá validez. Dí que cando se delega na xente a responsabilidade de elixir algo, esta debe ter toda a información como os custos. Deduce que o Alcalde sabe canto custa, pero non o dí, sobre todo nun proxecto destas dimensións. Que é para mellorar as posibiildades de xestión. Para o custe habería que mirar si a través doutras administracións poderíase solicitar axudas económicas, para reducir o custe ó concello. Si o custo total o tén que asumir o concello, a xente non votará a favor xa que existen outras necesidades como o investimento no saneamento rural; a xente dalle prioridade a isto; por eso deberíase saber esta información. A realización do proxecto tén un custo según o orzamento do mesmo, e non concello temos arquitectos municipais que o poderían facer. Pide que a adxudicación da obra sexa pública e aberta a tódalas empresas do concello. Si sae adiante ten que ser deste xeito e gustaríalle

participar como grupo, tamén no caso de que a casa da cultura e biblioteca se trasladen para a actual casa consistorial.

Contesta o Alcalde respondendo ó grupo do PP dicindo que si saben que a xente está en contra e non queren o cambio, o grupo do PP debería estar a favor da consulta. En canto a participación, si esta supera o 15% será vinculante. Que xa explicou na comisión informativa que a realización deste proceso está aberto a tódolos grupos municipais, podéndose redactar unhas regras para o funcionamento da mesma. Que é un compromiso do seu grupo durante a campaña electoral e que vai a respetar o resultado, polo tanto será vinculante.

Contesta o Alcalde respondendo ó grupo do Mixto dicindo que a posibilidade de realizar mais consultas non quita que se faga esta, dependendo dos trámites que esixa o Ministerio. A porcentaxe para a validación da consulta xa se dixo. O custo do traslado mirárase e pódese saber aproximadamente a canto ascende o mesmo, pero non se pode dicir cantas aportacións realizarán outras administracións para esta finalidade, iso previamente non se pode dicir. Vicepresidencia tén partidas específicas para isto, que teñen liñas de subvencións específicas e non se poden destinar a outra finalidade. Que quere que as contas do concello estén mellor que cando o seu grupo colleu o concello. Non se sabe cantas subvencións recibiranse doutras administracións, pero pódese quietar moita financiación externa. Que os concellos do contorno casi todos fixeron ampliacións nas súas casas consistoriais. Que as reunións non acude gran número de xente debido a que xa están informadas. Que está abertos a colaboración de tódolos grupos políticos.

Toma a palabra o concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo PP) dí que o seu grupo está dacordo cos referendums, pero non o apoian por non estar suficientemente claro. A xente terá que saber o que vai votar así como o custo, pero non se dí. Non entenden a premura; as cousas teñen que ir explicadas e si non se explican a xente non participa.

Toma a palabra o concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) dí que teríase que facer unha campaña informativa sobre o investimento real, e si na papeleta aparece o custo aproximado, a él parécelle ben. Pero si él, como cidadá, non tén esa información, non pode votar. ¿Cómo vas a votar algo que descoñeces?. É fundamental saber tódolos datos, sobre todo que apareza o custo. ¿Qué lle importa ó Ministerio onde vai o Concello? Que debería ter criterio. Que él quere as cousas transparentes, polo que a adxudicación da obra deberá ser aberta a todos cunha exposición pública.

Contesta o Alcalde respondendo que tómanse nota de tódalas propostas e que buscarán o máximo consenso posible. Que de aquí a convocatoria estudiaranse as propostas aquí expostas e decidírase entre todos como vaise facer.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: catro (4) (catro dos concelleiros do grupo m. PP).
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: sete (7) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

Resulta **aprobado, por maioría simple dos presentes.**

O Pleno da Corporación Municipal, segundo a proposta do Alcalde de 19 de xullo de 2016, por maioría simple dos presentes; **acorda**:

1.- Aprobar a realización dunha consulta popular, de especial relevancia para os intereses dos/as veciños/as, referida ó traslado e cambio de ubicación dos actuais servizos municipais, para a denominada actualmente "Casa da Cultura" sita na rúa Progreso de Silleda,

2.- Dar traslado deste acordo ó Ministerio de Hacienda y Administraciones Publicas - D.G. de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autonomas y las Entidades Locales, para súa conformidade.

6º.-FESTIVOS LOCAIS ANO 2017.

Polo Alcalde pásase a dar lectura a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2016, que literalmente dí:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o Decreto 76/2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 09 de xuño polo que se determina o calendario laboral para o ano 2017 na Comunidade Autónoma de Galicia., que foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 128, de data 07 de xullo de 2.016

Visto que segundo o disposto no artigo 2º do citado Decreto, e de conformidade co regulado no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, o artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e o artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para

o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas polo/a delegado/a da Consellería de Traballo en cada unha das provincias da comunidade autónoma, por proposta do Pleno dos respectivos concellos,

Vista en consecuencia a necesidade de remitir á devandita Consellería á maior brevidade a proposta de festivos locais para o ano 2.017.

Esta alcaldía propón a adopción do seguinte ditame:

Fixar como festivos locais para o ano 2017 o 21 de agosto festa da Empanada e o día 19 de setembro festa da Saleta.”

Aberto o turno de intervencións, non se producen.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, **acorda** fixar como festivos locais para o ano 2017 o 21 de agosto festa da Empanada e o día 19 de setembro festa da Saleta.

7º.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE.

Polo Alcalde pásase a dar lectura a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2016, que literalmente dí:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a proposta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, orientada a contribuír desde o eido local ao desenvolvemento dos países empobrecidos e á loita polo respecto dos Dereitos Humanos, mediante a creación dun fondo económico que financie proxectos de cooperación ao desenvolvemento e campañas de sensibilización en Galicia sobre a solidariedade internacional e a xustiza social,

Ersta Alcaldía-Presidencia propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Manifestar a adhesión desta Corporación ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

Segundo.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como achega anual ao Fondo Galego, segundo o sistema de cotas aprobada pola Asemblea xeral de socios.

Terceiro.- Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde-Presidente para que designe un/ha representante político/a e un/ha técnico/a do Concello perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Quinto.- Notificar este acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.”

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo PP) dí que seu grupo está dacordo.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) dí que esrá dacordo.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Manifestar a adhesión desta Corporación ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

Segundo.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como achega anual ao Fondo Galego, segundo o sistema de cotas aprobada pola Asemblea xeral de socios.

Terceiro.- Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde-Presidente para que designe un/ha representante político/a e un/ha técnico/a do Concello perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Quinto.- Notificar este acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

8º.- IMPLANTACIÓN DUN SENTIDO ÚNICO DE CIRCULACIÓN NA RÚA DO AGRO.

Polo Alcalde pásase a dar lectura a proposta da Alcaldía de data 27 de xullo de 2016, que literalmente dí:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que pola Policía Local deste Concello, con data 27 de xullo de 2016 emíttese informe nº 205/16 en relación a modificación da circulación na rúa do Agro.

Visto que no mencionado informe sinálase:

"Asunto: MODIFICACIÓN DA CIRCULACIÓN NA RUA DO AGRO

Atendendo a solicitude da Alcaldía, sobre da conveniencia de valorar a reordenación o tráfico de vehículos na Rúa do Agro de Silleda, convertendo a mesma nunha vía de sentido único de circulación e con dous arcéns de estacionamento, tendo en conta a necesidade de aparcamento, infórmase:

- Que a Rúa do Agro e unha vía que dispón na actualidade de dous carrís de circulación, un en cada sentido, dunha beiravía de estacionamento, e de beirarrúas elevadas sobre o nivel do pavimento, a ambos os dous lados.*
- Que con data 10 de maio de 2016, por indicación da Alcaldía elaborouse neste senso un informe poñendo de manifesto, entre outras cousas, a necesidade de implantar un sentido único nesta Rúa, e apúntábase como sentido mais convinte que a circulación fose dende a Rúa Trasdeza a Rúa Camiño dos Castros.*
- Que logo de varias discrepancias surxidas entre os veciños con respecto ao sentido de dita Rúa, a Alcaldía Presidencia, unha vez rematadas as obras de acondicionamento da mesma, ordea que se faga un estudo sobre do número de vehículos que a utilizan na actualidade para determinar cal dos dous sentidos é o mais utilizado.*
- Feita tal comprobación, durante varias xomadas, por distintos axentes desta Policía Local, conclueuse que o número de vehículos que circula cara a Rúa Trasdeza é maior que o que o fai cara a Rúa Camiño dos Castros.*

Por elo, e xa que en canto a ordenación xeral do tráfico rodado do núcleo urban non é determinante o sentido de circulación desta Rúa, procede reconsiderar o sentido de circulación aconsellado no informe emitido o día 10 de maio de 2016, e propoñer que

o sentido de circución se estableza dende a Rúa Camiño dos Castros a Rúa Trasdeza, xa que as condicións de seguridade non mudan."

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Deixar sin efecto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 26 de maio de 2016 sobre este asunto.

2º.- A implantación dun sentido único de circulación na Rúa do Agro, dende a rúa Camiños dos Castros a rúa Trasdeza.

3º.- Realizar a sinalización con colocación dunha sinal vertical de ENTRADA PROHIBIDO (R-IOI), no cruce das rúas Agro e Trasdeza, orientado a esta última, e no pintado dunha liña lonxitudinal discontinua de delimitación de arcén de estacionamento na marxen esquerda da rúa, observada dende a rúa Trasdeza."

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo PP) dí que agradece que a proposta sexa a feita polo seu grupo no pleno anterior.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) dí que rectificar é de sabios e benvida sexa a rectificación, que é unha cousa lóxica.

Contesta o Alcalde resposta que cando se fan as obras vense as cousas doutra maneira e con outras prespectiva.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.

- Abstencións: ningún.

- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, acorda:

1º.- Deixar sin efecto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 26 de maio de 2016 sobre este asunto.

2º.- A implantación dun sentido único de circulación na Rúa do Agro, dende a rúa Camiños dos Castros a rúa Trasdeza.

3º.- Realizar a sinalización con colocación dunha sinal vertical de ENTRADA PROHIBIDO (R-IOI), no cruce das rúas Agro e Trasdeza, orientado a esta última, e no pintado dunha liña lonxitudinal discontinua de delimitación de arcén de estacionamento na marxen esquerda da rúa, observada dende a rúa Trasdeza

9º.- FUNDACIÓN DO CAMPO GALEGO.

Polo Alcalde indícase que xa se explicou este asunto na Comisión Informativa. Que os Estatutos da Fundación aínda non chegaron e explica en que consiste a mesma.

Polo Alcalde pásase a dar lectura a proposta da Alcaldía de data 28 de xullo de 2016, que literalmente dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que existe unha proposta para a creación dunha Fundación do Campo Galego.

Visto o interese de todas as partes de que esta fundación se asente en Silleda.

Vistos os beneficios que este asentamento en Silleda tería para o noso concello.

Esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Facultar ao Alcalde para a adhesión do Concello de Silleda como patrono no momento da constitución da Fundación do Campo Galego.”

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo PP) dí que o seu grupo apoia este asunto e agradece a formación desta fundación en Silleda.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) dí que é de xustiza que a citada fundación se ubique en Silleda, xa que lévase anos traballado sobre este tema. Que existen unhas instalacións que non se utilizan e que o recinto feiral debe servir para isto. Que unha vez o concello forma parte do patronato propondrá que o Centro Agrario esté nas mesmas instalacións, xa que é mellor conciliar as dúas cousas. Asimesmo indica que existen empresas de autobuses locais que teñen potencial en esa cuestión e poderíase complementar o museo. Existen proxectos antigos que complementarían isto dende o punto de vista artístico e cultural e que no seu día non se levaron a cabo por cuestións económicas.

Contesta o Alcalde que como patronos, esos temas falaranse. O centro agrario é un dos temas que chama a atención e por iso é certo que replantearase a súa ubicación.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, **acorda** facultar ao Alcalde para a adhesión do Concello de Silleda como patrono no momento da constitución da Fundación do Campo Galego.

10º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES.

Dase coñecemento dos decretos ata a data 30 de xuño de 2016 (incluído) e Xuntas de Goberno Local ata o 21 de xuño de 2016.

Polo Alcalde indícase que este punto se incluírá en rogos e preguntas.

11º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

1º.- Moción do BNG. MOCIÓN PARA PROXECTAR UNHA CAMPAÑA INTEGRAL QUE FOMENTE O EMPADROAMENTO NO CONCELLO DE SILLEDA.- (Rex entr nº 3210 de data 22-07-16) presentada polo concelleiro do grupo mixto Matías Rodríguez de data 22-07-16.

Polo concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) explícase a moción que literalmente dí:

“MOCIÓN PARA PROXECTAR UNHA CAMPAÑA INTEGRAL QUE FOMENTE O EMPADROAMENTO NO CONCELLO DE SILLEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos pasados meses coñecemos a través dos medios de comunicación e por medio da edición de folletos informativos por parte do Concello de Silleda, do inicio dunha campaña denominada "Empadróate en Silleda! Porque en Silleda somos máis", seica para fomentar o empadroamento no Concello de Silleda. Esta baséase apenas nunha

descripción do número de habitantes de hai 25 anos, o número de persoas, que ao parecer, residen no concello e non se atopan empadroadas. A contía económica que se ingresaría por habitante e o seu destino para manter e mellorar os servizos, así como os datos para proceder ao empadramento e os enderezos en redes sociais para seguir a campaña.

Desde o BNG Asembleas Abertas botamos en falta desde o primeiro momento que unha campaña deste tipo non contase con axentes sociais, políticos, económicos implicados neste asunto co fin de poder realizar unha campaña integral, profesionalizada, fundamentada nun proxecto serio que acudise a xeógrafos, técnicos de turismo e política familiar, laboral, infancia e mocidade, persoas versadas en asuntos de xestión demográfica, polo que observamos que máis ben a campaña se queda na edición dun folleto por parte dunha imprenta.

Amais, a idea está unicamente enfocada a teóricos residentes (900) non empadroados, polo que aparenta manter un control directo desde a poboación e non se focaliza en algo realmente necesario, non rexeitamos de plano o modelo escollido, mais precisa focalizarse dun xeito máis global en adquirir máis habitantes pola vía dos atractivos de Silleda, dos servizos, da adecuada comunicación do concello no interior do país, etc.

É por isto que desde o Grupo municipal do BNG presentamos para debate e aprobación da Corporación en sesión plenaria o seguinte

ACORDO:

1.- Contar para todo este tipo de proxectos coa xente que pode ter iniciativas a nivel municipal (o BNG AA é proba evidente disto) para realizar proxectos dun xeito formalizado e con fundamentos técnicos.

2.- Ampliar a Campaña "Porque en Silleda somos máis" a unha iniciativa integral de empadramento baseada nos beneficios que suporía residir en Silleda a nivel de comunicacións, vivenda, servizos de todo tipo (educativos, sanitarios, turísticos, deportivos, empresariais)

3. Orientar de xeito práctico as políticas municipais que programa e executa o goberno municipal de Silleda tamén a esta campaña, provocando con isto que o Concello se convirta nun axente dinamizador de servizos para a poboación e sexa unha garantía para que vivir en Silleda mellore cualitativamente as expectativas da xente con residencia actual e nova residencia.

Silleda, 22 de Xullo de 2016.

Asdo. Matías Rodríguez da Torre

Anexo

No seguinte anexo levaremos a cabo unha análise sintética das diferentes virtudes e potencialidades que ten o noso concello para a atracción de novos habitantes.

-Dous cascós urbanos: A diferenza dos concellos da contorna nos que tan só hai un único centro urbano que centraliza a maior parte dos servizos, tanto privados como públicos, o noso concello ten a particularidade de ter 2 centros urbanos. Un feito non só a destacar pola súa rareza, se non que provoca ó mesmo tempo a instalación e oferta de servizos en dous puntos, como se pode ver coa diversidade de oficinas bancarias (6 en todo o concello) ou supermercados, alén dos relacionados coa hostalería.

-Rural: Na presente campaña describe a realidade demográfica de Silleda, na cal, a situación actual é de 10 aldeas nos que non hai ningún habitante. Isto ademais de ser un problema, o abandono do rural e todo o relativo pode ser visto ó mesmo tempo como unha virtude e un recurso a potenciar. Son varias as aldeas abandonadas na nosa xeografía rehabilitadas por "neo-rurais" que buscan todas as vantaxes que proporciona o mundo rural.

-Sanidade: Silleda dispón de dous centros de saúde. Alén disto, o de Silleda conta co PAC (Punto de Atención Continuo)

-Educación: o municipio dispón de centros educativos públicos que cobren toda oferta nos niveis educativos obrigatorios, como é o caso dos dous CEIP (Con todos os servizos, comedor escolar, biblioteca e pavillón) e o IES Pintor Colmeiro. Este último ademais con nivel de bacharelato e 3 Fps. Non só niveis obrigatorios, tamén existe unha gardería pública en Silleda (Galiña Azul). Ó mesmo tempo, temos que citar o caso do centro educativo concertado que dispón de todos os niveis, dende infantil até bacharelato.

-Cultura: Silleda destaca no tema cultural. Cuantitativamente polo grande movemento en practicamente en todos os ámbitos, senón que tamén polo renome dos seus colectivos culturais e certas festividades que se realizan ó longo do ano, mais tamén polo número e diversidade destas. Destacan neste caso, as de baile tradicional (Xirandola e Fortín da Pomba), dúas bandas recreativas de música con escola de formación musical deslocalizada en Silleda e A Bandeira. Tamén existen as dúas corais ou numerosos grupos de música tradicional. Por non falar de todo o que ten que ver coas festividades etnográficas, caso do Entroido e dos Xerais do Ulla no norte do concello (A Bandeira e Lamela)

-Infraestruturas e servizos: Ademais dos sanitarios e educativos que describimos anteriormente. Tamén temos que destacar outros que permiten a realización de certas actividades ou servizos. Por unha parte, nos próximos meses teremos a nosa disposición un Centro de Día para a atención das persoas anciáns. Do mesmo xeito, outras infraestruturas importantes dentro do noso concello son as dúas Casas da Cultura, as cales dispoñen de cadansúa sala de actos e biblioteca. Do mesmo xeito, dos auditorios e unha Casa da Xuventude en Silleda. Así como dun número destacado de locais sociais en moitas das parroquias.

En canto ós servizos, non podemos esquecernos da instalación da fibra óptica nos dous cascos urbanos de Silleda, o que permite un ha conexión rápida e óptima á internet. Un feito moi importante para a atracción non só de persoas, se non sobre todo de empresas.

Unha das principais infraestruturas e sen dúbida máis coñecidas que dispón Silleda é o Recinto Feiral Internacional de Galicia, o cal non só conta cunha gran superficie para exposicións e outros eventos, tamén do seu propio auditorio e oficinas.

-Vivendas: o boom inmobiliaria fixo mella no propio concello coa construción dun número destacado de inmobles nos dous cascos urbanos. O crecemento desmesurado na construción de vivendas de nova planta non foi acompañado do aumento demográfico, o que provocou que a datos do 2011 (IGE), a porcentaxe de vivendas baleiras foxe do 23,44% da totalidade. Estamos a falar de unha de cada catro vivendas dentro do concello. Isto último máis a baixada dos prezos da vivenda, fai que o acceso a unha vivenda sexa máis accesible que antes da crise.

-Deportes: Para os amantes dos deportes, contamos con até 4 campos de fútbol, 1 de herba artificial, 2 de herba natural e por último un de terra. Ó mesmo tempo, non só é fútbol o noso concello, tamén dous pavillóns municipais, dúas piscinas e até dous complexos para os usuarios da raqueta (O Castro e o Polígono Industrial). Existe escola de formación en varias actividades deportivas. Temos que contar ademais coas instalacións pechadas de Medelo, que contan cunha piscina e un campo de tenis, as cales poderían ser rehabilitadas para a súa utilización. Do mesmo xeito, a gran lonxitude de pistas e sendeiros, son ideais para o uso da bicicleta ou do senderismo.

-Transportes e mobilidade: Ó estar situados no Corredor Santiago-Ourense, o número de frecuencias en transporte público entre a capital galega e o concello é destacado. O que nos permite desprazarnos en transporte público facilmente até Compostela. A incorporación á área metropolitana de Compostela podería facilitar aínda máis os desprazamentos ante a baixada dos prezos, mais temos que ter en conta que os prezos non son o principal factor para a utilización do bus. Con respecto ó vehículo privado, a AP-53 permite desprazarnos rapidamente até as cidades de Ourense e Compostela. Sobre todo, as conexións con esta última cidade, da cal pertence o municipio á súa área de influencia (caso da sanidade ou servizos máis especializados). O que pode supor unha atracción máis para Silleda, a súa proximidade coa capital galega. Tamén temos que destacar aquí a centralidade que supón Silleda a nivel galego, onde podemos estar en aproximadamente unha hora en Pontevedra e en Lugo.

-Industria: Silleda conta cun polígono industrial, o cal dispón de parcelas baleiras e a un prezo competitivo. Non só isto, tamén a súa situación a nivel galego supón unha vantaxe para o emprazamento de novas actividades industriais.

-Lecer e Natureza: Ademais da cultura da que falamos anteriormente, o Trasdeza conta cun gran patrimonio natural e arqueolóxico. Por unha parte o natural grazas a diversidade do territorio, donde no mesmo concello podemos pasar dende Cira, a 50 metros de altitude cun clima próximo o das Rías Baixas, até Xestoso e Refoxos, na Serra do Candán con altitudes que sobrepasan os 1000 metros de altitude. Ademais dos espazos naturais protexidos do río Deza, as Brañas do Xestoso e a Serra do Candán, Silleda conta cunha paisaxe diversa e de calidade, o que nos permite realizar calquera actividade ó aire libre. É dicir, existe unha gran diversidade máis ala dos produtos estrela da comarca, a Fervenza do Toxa e o Mosteiro de Carboeiro. Todo isto supón un gran recurso potencial para calquera empresa relacionada co turismo activo, natureza, cultural ou incluso familiar.

-Demografía: Do mesmo xeito que en toda Galiza estamos a sufrir as consecuencias do proceso de envellecemento demográfico, non podemos esquecernos de que Silleda é dos concellos máis novos se o comparamos cos municipios da contorna. Ó mesmo tempo, unha poboación nova cualificada. Tamén hai que destacar a diversidade cultural do noso concello propiciada nos últimos anos coa chegada de persoas procedentes de diversos puntos do planeta (Europa do Leste, América Latina e do Magreb) o que supón unha riqueza cultural.

Posiblemente, queden moitos recursos e atractivos por analizar nesta listaxe, mais o que queremos dicir, é que estes, deben de ser potenciados para a atracción de novos habitantes e posibles empresas que se queiran instalar aquí. Unha campaña actual que non pode quedarse só no feito de empadroase, se non ser máis ambiciosos, sobre todo tendo en conta das virtudes de Silleda e a súa localización no interior de Galiza, nun espazo de transición entre o Eixo Atlántico e o interior galego.”

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo PP) dí que lle parece ben a iniciativa do goberno pero que deberíase tamén contar coa colaboración das Asociacións e dos restantes grupos políticos das corporación. Asimesmo pregunta porque os premios do concurso de promoción do empadramento son só para as comisións de festas.

Contesta o Alcalde dicindo que o exposto polo Sr. Matías non é mais que unha proposta constructiva. Que as iniciativas que son boas para o concello son benvidas veñan de onde veñan, e si teñen algo que aportar pódense poñer en contacto co goberno. Faise mención a que os servizos municipais poden verse afectados si se perde poboación. Critica a financiación dos concellos. Dí que este concello está o lado dos grupos e asociacións. Dí que o exposto polo Sr. Matías xa se está facendo e que como todas as iniciativas pódese mellorar.

Dí o Alcalde que en canto ó premio do concurso de promoción de empadramento é debido ó gasto que faise en publicidade para as festas; que aínda que xa pasaron festas, como a do lacón, esta faise como unha proba xa que tíñase pensado dotar o premio con 3.000 € e este ano dótase con 1.500 €. A idea é que as comisións de festas, nun futuro, potencien esta idea sin necesidade dun incentivo económico. Para o vindeiro ano estará aberto a tódalas asociacións e grupo municipais.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) dí que o que fai o concello é unha campaña constructiva pero débese ampliar. Que él faille unha proposta ó goberno e este tén que collela ou rexeitala. Non fai unha proposta pechada, é en positivo. Queda defraudado cando se toma isto como un ataque. Dí que votar en contra de esta moción é votar en contra de Silleda.

Contesta o Alcalde dicindo que a iniciativa xa está en marcha, e polo tanto a moción preséntase sobre o que xa está en marcha. Que o anexo que acompaña a moción é a política que estase a facer dende o grupo de goberno.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto), por alusión, dí que é unha proba de que está en positivo e que non invalida a campaña municipal, que únicamente preténdese ampliar. Para rematar, dí que chegou o momento de pensar as cousas e pide ós concelleiros do PSdeG-PSOE que romper a disciplina de voto.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: seis (6) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE)
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: cinco (5) votos (catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por maioría, acorda rexeitar a moción do BNG (Rex entr nº 3210 de data 22-07-16).

2º.- Moción do BNG. MOCIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DUN CIRCUITO MUNICIPAL DE CULTURA.- (Rex entr nº 3211 de data 22-07-16) presentada polo concelleiro do grupo mixto Matías Rodríguez de data 22-07-16.

Polo concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) explícase a moción que literalmente dí:

“MOCIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DUN CIRCUITO MUNICIPAL DE CULTURA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O concello de Silleda ten unha potencialidade enorme no ámbito da difusión e a divulgación cultural, especialmente no tocante ao artístico-musical. Conta con dúas bandas de música, dúas agrupacións de baile e numerosas de música tradicional espalladas por toda a xeografía municipal, dúas corais, un grupo de teatro e demais bandas ou agrupacións de diferentes estilos artísticos, que dan a Trasdeza unha especial marca de calidade que debemos pór en valor dentro e fóra do termo municipal, e para o que tamén se fan importantes as achegas do Concello.

Desde o BNG Asembleas Abertas de Silleda sabemos do potencial festeiro do noso concello relativo a romarías tradicionais, festas populares e patronais, celebracións gastronómicas e eventos de difusión cultural varios que teñen lugar ao longo de todo o ano, organizados a grande maioría deles polo tecido socio-cultural e veciñal existente no noso termo municipal.

No BNG coñecemos a importancia que estas celebracións teñen para veciños e visitantes, e tamén somos conscientes da relevancia das agrupacións referidas antes. Por tanto, consideramos que un bo xeito de conxugar ambas as dúas cuestións é a promoción das actuacións das agrupacións nos eventos anteditos, polo que se conseguirían nomeadamente dúas cuestións: o coñecemento das agrupacións artísticas por parte da grande maioría d@s veciñ@s do concello ao facilitar a posibilidade de que actuasen nas diferentes celebracións que teñen lugar polo concello e a colaboración institucional e veciñal para que os colectivos poidan actuar e representar e interpretar as creacións ensaiadas.

É por isto que desde o Grupo municipal do BNG presentamos para debate e aprobación da Corporación en sesión plenaria o seguinte

ACORDO:

1.- Logo duns anos de penurias económicas abondas na institución municipal, pensamos que é o momento de dinamizar un Circuito Municipal de Cultura que serva para fomentar a cultura formada e realizada no Trasdeza a través da colaboración económica, institucional e a intermediación para posibilitar actuacións diversas das agrupacións trasdezás nas diferentes actividades que se organicen no concello desde unha base societaria e con obxectivos lúdicos e culturais.

2.- A utilización do regulamentado Circuito para promover e socializar fóra do concello as nosas agrupacións e mediar e axudar na consecución de proxectos inter e supramunicipais que espallen o bo facer de Trasdeza polo país adiante e o exterior.

Silleda, 22 de Xullo de 2016.
Asdo. Matías Rodríguez da Torre”

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo PP) dí que a idea é boa, e tense que mirar a capacidade económica para poder levala a cabo.

O Alcalde dí que lle parece ben esta iniciativa e estudarase o tema económico.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar aprobación a moción do BNG (Rex entr nº 3211 de data 22-07-16).

3º.- Moción do BNG. MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE SEMÁFOROS DE LIMITACIÓN DA VELOCIDADE EN SILLEDA.- (Rex entr nº 3237 de data 26-07-16) presentada polo concelleiro do grupo mixto Matías Rodríguez de data 26-07-16.

Polo concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto) explícase a moción que literalmente dí:

“MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE SEMÁFOROS DE LIMITACIÓN DA VELOCIDADE EN SILLEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas de Silleda presenta esta moción para que desde o Concello de Silleda se inste a Ministerio de Fomento a instalar semáforos de control de velocidade con límite de 50 kms/h para as rúas Trasdeza en Silleda e Xeral na Bandeira.

Para o BNG logo de tímidas acción tomadas polo Ministerio e a falta coñecida de propostas do goberno local, ante os diversos incidentes e atropelos que se teñen producido nos dous núcleos urbanos, chegou a hora de tomar decisións máis contundentes que servan para protexer os peóns e melloren de vez a seguridade. Logo dunha análise realizada con persoas de diferentes sectores cremos que a mellor opción é a colocación destes semaforos, pois advirten da velocidade máxima e fan que os vehículos deban respectala ao porse en vermello cando se comete a infracción.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEDA a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que desde o Concello de Silleda se inste ao Ministerio de Fomento a instalar semáforos de control e limitación da velocidade nas travesías respectivas dos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira

*Silleda, 26 de Xullo de 2016.
Asdo. Matías Rodríguez da Torre”*

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo PP) dí que está dacordo coa seguridade, e por parte de Fomento deberíase facer un estudo para saber que é mais adecuado.

O Alcalde dí que está dacordo co planteamento da moción. Que a Fomento xa se lle leva falado sobre esta tema e únicamente fixo unha actuación na entrada de Silleda e esta é insuficiente. Hai que tomar medidas mais agresivas, e que non hai ningún problema en tramitala moción.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningún.
- Votos a favor: once (11) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, catro votos dos concelleiros do grupo m. PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

O Pleno, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar aprobación a moción do BNG (Rex entr nº 3237 de data 26-07-16).

12º.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Non se presentan.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O concelleiro José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP):

PREGUNTA: A qué corresponde, dentro dos Decretos, unha sentenza do Xulgado do Social Nº1 de Pontevedra, de 7.374,00€, no Decreto Nº35

- **RESPOSTA:** Trátase da indemnización a Pilar Dulcey polo despido.

PREGUNTA: A qué corresponde outra sentenza, do 6 de xuño, do Xulgado Contencioso Administrativo, a número 83/2014, de 1.398,00€.

- **RESPOSTA:** Isto é un pouco máis complicado de explicar. Esa cantidade é unha parte dos intereses aos que nos sentenciaron a pagarlle a Fertaf, e digo unha parte, porque con Fertaf había dous litixios, un estaba no Xulgado Nº1 de Pontevedra, e outro no Xulgado Nº2. Á empresa pagóuselle o que se lle debía e, cando sentenciaron o dos intereses, un dos xulgados fixo un cálculo de intereses moi inferior ao que fixo o outro, ou máis ben, un dos xulgados fixo un cálculo de intereses excesivo, comparado un co outro, moi excesivo. Pagamos esa cantidade, que son mil e pico euros, aínda que a sentenza é de 5.600 euros, e pagouse esa cantidade que sería a que correspondería se os intereses foran calculados como os calculou a xuíza do lado. Co asesoramento xurídico, onte fíxose o pago do resto da cantidade, porque as sentenzas hai que cumprilas, e despois imos reclamar esa cantidade que nos parece excesiva ao xulgado para que nos devolva os catro mil e algo que pagamos onte. Mesma empresa, mesmo litixio, so que dúas débedas distintas, débedas do mesmo prazo, case a mesma cantidade, e en un xulgado nos condenan a pagar mil e pico euros de intereses e no xulgado do lado seis mil euros de intereses. Entón pagouse o cálculo que se fixo, comunicouse ao xulgado que se pagaba ese cálculo, pero seguindo os criterios xurídicos do concello, pagouse o resto tamén para non incorrer en desacato, e se vai a tramitar ante

o xulgado o que creemos que son uns intereses desproporcionados.

PREGUNTA: Aclarar de qué son estas facturas; dúas de Electricidade Arteaga, unha de 1.700,00€ e outra de 4.700,00€; outras dúas de José Lugo, unha de 3.300,00€ e outra de 2.400,00€; e outra de Carmen Brey Lagos de 1.300,00€

- **RESPOSTA:** Creemos que as de Arteaga corresponden a sinistros, houbo en Taboada, en Lamela, e os sinistros que hai, hai que reparalos todos con empresas externas para cobrarlle despois ás compañías de seguros. Creemos que estas facturas deben ser de iso, pero miraremos e contestarémovos a qué corresponden todas elas.
Carmen Brey Lagos non lembramos nin a qué se debe nin quen é, pero miraremos.

PREGUNTA: ¿Vaise facer algún requirimento por parte do concello para o desbroce de pistas que non son de titularidade municipal?

- **RESPOSTA:** Os requirimentos ás administracións pola limpeza xa se enviaron, tanto á Xunta de Galicia, coma ó Ministerio de Fomento, ao Adif, á Deputación de Pontevedra, algúns xa reiterados, e a Adif creo que xa se reiterou tres veces polo menos para que limpen o que lles corresponde, coma na estación de Taboada ou nas estacións que teñen por aí a monte.

PREGUNTA: ¿Cando se van a limpar os colectores de lixo?

- **RESPOSTA:** En canto á limpeza dos colectores de lixo xa se fixo unha limpeza antes das festas, na semana anterior déronlle unha volta e en próximas fechas, aínda sen concretar, van continuar limpando o resto, os do rural e todos.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto):

ROGO: Rogan a limpeza do Castro de Toiríz e da Mámoa da Chousa Nova, pola proximidade que ten ao núcleo urbano, e porque veñen anunciadas na páxina do concello e por aí adiante, e porque son dous investimentos importantes en divulgación e o concello dixo que se ía a encargar, e é unha vergoña. Se non hai capacidade polos membros das brigadas municipais, igual hai que gastar 50 euros nun xornaleiro.

- **RESPOSTA:** Sobre a limpeza dos Castros de Toiríz e da Mámoa de Abades, que coincidimos plenamente en iso, vai dar as

explicacións Ana Luisa, que como concelleira de turismo, é a que está enriba de iso:

En novembro falamos coa Asociación de Amigos do Castro, xunto co concelleiro de medio ambiente, falamos que se ía a asumir a limpeza dende o concello. En ese momento houbo unha comunicación porque había un convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento do ano anterior xa, onde sacaban un programa de traballo en 23 castros da provincia de Pontevedra. En decembro do ano pasado a Deputación de Pontevedra saca unha noticia dicindo que xa encarga os traballos para facer, porque a Deputación ten dous millóns e medio de presuposto, e Fomento creo que eran catro millóns e medio para facer eses traballos. Falamos coa Deputación e dinnos que acaban de sacar o concurso o 29 de decembro, que van un pouco retrasados, pero que en breve se vai empezar.

No mes de marzo volve a saír unha noticia na prensa e volvemos a chamar para preguntar, e dinnos que estaba previsto empezar en maio, pero que de momento non sabían as datas. Volvemos a falar con eles en maio, e dinme que, como dependen de Fomento, só que teñen as actuacións contratadas, pero como de momento non hai goberno, non se lle deu para adiante á parte que lle corresponde a eles, por iso vai todo con retraso. Así que non se fixo nada por ese tema

Pero dado que xa chamamos coma tres veces, xa está falado que se a Deputación non acomete os traballos, teremos que facelo dende o concello no mes de agosto ou en setembro a máis tardar. Non se fixo antes porque había unha contratación de unha obra xa presupostada. Por parte do concello sabemos da necesidade que hai e hai vontade de facelo.

En canto á mámoa, mandóuselle o último escrito no mes de xuño, a Adif e a Patrimonio, porque ese é un tema de Patrimonio. No momento que nos digan que limpemos nos, que eles non veñen, limparemos nos, pero nos temos que reclamarlle a cada quen o seu, e iso correspóndelle a Adif e a Patrimonio. Se non o limpan teremos que limpalo nos, porque somos a Cenicienta das administracións, e non nos queda máis remedio, pero iso non quere dicir que non teñamos que poñer de manifesto que quen o ten que limpar, non o limpa, nin que non teñamos que insistir con tres requirimentos creo que van xa, para que o limpen. Se non o limpan, haberá que limpalo e haberá que tomar medidas contra as administracións que non cumpren o seu cometido, porque senón ao final acabamos facendo nos o traballo que lles corresponde a outros.

PREGUNTA: O ano pasado ofreciamos a posibilidade de que se estudase o saneamento biolóxico, que está saíndo moi barato en outros concellos nos que se está a implantar en núcleos pequenos, ¿avanzouse algo en ese sentido?, ¿cómo está o tema do saneamento pedido hai un ano polos veciños de O Foxo?

- **RESPOSTA:** Do saneamento xa falamos varias veces, e miraremos o do saneamento biolóxico, estanse a mirar tódalas posibilidades. Pero estas cousas so hai opción de metelas unha vez ao ano, cando se fan os orzamentos, non podemos decidir na metade do ano que se vai a facer unha inversión en saneamento cando xa están os orzamentos aprobados. Cando se fagan os próximos volveremos a debater a ver se se fai o saneamento ou non.

O saneamento na cima do Foxo tamén se leva moito tempo tratando ese tema. Houbo conversacións con tódolos propietarios por onde podía pasar o saneamento para que fose factible metelo. En principio estaban todos de acordo, faltaba un. Non sei agora mesmo cómo está iso, hai que retomar as negociacións para poder metelo, porque iso é asumible por parte do concello sen ningún problema.

PREGUNTA: En Cortegada propúxose que o illote que queda entre dúas estradas en O Burgo, se limpe e se lle de un uso veciñal con autorización municipal.

- **RESPOSTA:** Falarase coa Xunta de Galicia en relación co illote, porque penso que é propiedade residual da estrada, e polo tanto, da Xunta de Galicia, a ver qué podemos facer entre todos.

PREGUNTA: No mesmo lugar de O Burgo en Cortegada parece ser que hai residuos fecais que baixan polo medio do lugar, nun núcleo que está urbanizado.

- **RESPOSTA:** Os vertidos teñen lugar cando rompe a instalación. Cando urbanizaron aquilo meteron algunha tubaría, e algún veciño enganchou, e algunha vez rompe, e é cando hai os vertidos. Pero cando rompe vaise a reparar.

PREGUNTA: Hai queixas de rúas de Silleda que teñen lousas levantadas, na Rúa Progreso e na Rúa Pintor Colmeiro, con riscos de tropezos e caídas da xente, sendo iso de responsabilidade municipal. Ademais de que a xente paga os seus impostos para que as cousas estean ben.

- **RESPOSTA:** Claro que, sobre todo pensando nas persoas maiores que teñen menos facilidade para desprazarse, atopar unha baldosa levantada e perigoso, pero temos 15 persoas menos ca o ano pasado traballando a día de hoxe e un so albanel, e os mesmos traballos que facer. E as baldosas cando chega o verán teñen a costume de levantarse, e é evidente que hai que andar enriba delas. Non quero presumir de nada, porque se hai unha soa baldosa levantada e ven unha persoa, cae e se manca, mira de qué vale presumir, pero creo que todos andamos por aí por pobos, e incluso por cidades, e creo que facemos un esforzo e que non temos dos peores pobos que hai en peor situación. O que non quere dicir que non teñamos que mellorar e telo todo ao día.

PREGUNTA: ¿Vaise rozar o campo municipal do Bandeira antes de que comece a súa pretemporada o día 8?. Senón sempre se poden levar unhas cabras...

- **RESPOSTA:** Se se meteran as cabras alí e se lle sacara un rendimento aínda non sería mal negocio. Está claro que cando empece a pretemporada o Bandeira, o campo vai estar desbrozado. Pero a situación do carpo do Bandeira..., o da herba é unha anécdota, no sentido de que ese é un campo que practicamente habería que clausurar. Porque ten todo o muro de cerre caendo, o que é un perigo, e está en unhas condicións inasumibles. Temos un campo que hai un compromiso de construción por parte da Deputación de Pontevedra, e como eu reclamo por igual os intereses de Silleda á administración que sexa, sexa da color política que sexa, levo feitas moitas reclamacións. Teño un dossier preparado para enviar hoxe sen falta, que xa será o cuarto ou quinto dossier en referencia a cómo está o campo e advertindo que o acabaremos clausurando de seguir así.

E aquí, como todos temos responsabilidades, vos pediría que, na parte que nos toca a cada un, fixerades chegar aos vossos grupos políticos a demanda da construción do campo, que ademais de ser unha débeda que hai que pagar, posto que se lle debe ao Concello de Silleda, é de xustiza, porque está como está. E tamén no grupo da oposición que me consta que saben cómo foron todas estas negociacións, que cando sexan os plenos que leven unha iniciativa pedindo que se faga o campo de Bandeira porque é de xustiza. Así os tres grupos de alí terán a pouca ou moita presión que demos feito cada un de nos para que se faga. Porque se se fai non vai levar os méritos o equipo de goberno, senón a corporación completa, e sobre todo imos a ter un servizo que é de xustiza e necesario. A min paréceme que é unha das inxustizas máis

grandes que se está cometendo hoxe, aínda que sei que están traballando para facelo canto antes, pero non deixa de ser unha inxustiza que non estea feito xa.

Pero só me consta que se por parte do BNG se fai algunha xestión, que si pode ser unha axuda importante.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto), dí: Que eu saiba a Presidenta da Deputación é do PSOE.

- **RESPOSTA:** Si, pero o Vicepresidente é do BNG, e o BNG sabe que, cando está no equipo de goberno, sabe como apretar. E facer unha chamada tampouco costa tanto.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo Mixto), dí: Eu non vou a facer nada. Ti es alcalde, a Presidenta da Deputación é a encargada de rexer o deporte, branco e en botella...

- **RESPOSTA:** Pois se é branco e en botella, seguirá sendo sempre branco e en botella. E que quede clara a dispoñibilidade que teñen os grupos en este concello para axudar a traer cousas para Silleda cando se pode. Eu de feito, se estivese na oposición non tería problema ningún en chamar a calquera grupo do meu partido onde estivese para reclamarlle axuda para traer infraestruturas deste tipo para Silleda.

En todo caso, os de Bandeira saben que estamos traballando incansablemente en iso, e que non vai haber que levar as cabras para cortar a herba e que, incluso sen a axuda do BNG conseguiremos, espero que máis pronto que tarde, que se faga ese campo novo. Pero só me gustaría que aquí estiveramos os tres grupos de acordo e tirando do carro á hora de reclamar isto.

O Alcalde levanta a sesión sendo ás trece horas e cinco minutos **do mesmo día.**

Estendéndose a presente acta, da que, como secretario acctal, dou fe e certifico.

Silleda, 28 de xullo de 2016

Vº e Pr. O Alcalde

Dou fe. O secretario acctal.
(Decreto 22.07.2016)

Manuel Cuiña Fernández

David García Lareo